

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

2004

*MEMORIA DE OBXECTIVOS E
PROGRAMAS*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

2004



MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

PRESENTACIÓN

A presente memoria reflicte a articulación dos programas e accións dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2004 que teñen gasto estratéxico, de acordo coa estrutura de obxectivos finais e intermedios definidos no instrumento que recolle o marco de referencia básico da Xunta de Galicia neste septenio, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 (PEDEGA).

Galicia encóntrase dentro das rexións españolas incluídas no obxectivo 1 dos Fondos Estructurais. O Marco Comunitario de Apoio de Galicia 2000-2006 (MCA) recolle a síntese dos diagnósticos, a estratexia de desenvolvemento rexional e os cadros e modalidades de apoio dos Fondos Estructurais, e asume os compromisos de financiamento comunitario que proporcionan un importante respaldo ás previsións de investimentos do PEDEGA.

A estratexia de detalle concrétase no Programa Operativo Integrado de Galicia (POI) 2000-2006 (FEDER, FEOGA-O, FSE) e no Programa Operativo IFOP de Galicia 2000-2006, así como nas actuacións programadas pola Administración Xeral do Estado nos programas plurirrexionais.

Tamén se analizan os resultados obtidos dos impactos do gasto do POI realizado no período 2000-2002 no ámbito macroeconómico.

Así mesmo, recóllese a inserción da estratexia por obxectivos do PEDEGA nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2004.



A ESTRATEXIA DA PROGRAMACIÓN COMUNITARIA DE GALICIA NO PERÍODO 2000-2006

O período actual de programación comunitaria en Galicia 2000-2006 ten en conta a estratexia de desenvolvemento establecida no PEDEGA, que se materializa nos Programas Operativos de detalle do MCA, das Iniciativas Comunitarias e do Fondo de Cohesión.

Os grandes fins da estratexia de desenvolvemento de Galicia para o período 2000-2006 céntranse non só no obxectivo da converxencia e a elevación do nivel de renda e produción por persoa, senón tamén en aumenta-lo emprego de calidade, unha meta estreitamente conectada coa de fomenta-lo desenvolvemento sostido da base económica-productiva. As grandes liñas da estratexia de desenvolvemento están relacionadas con catro grandes ámbitos, relativos ó fomento da base productiva e empresarial, á competitividade do territorio, ós recursos humanos e ós cambios institucionais no novo contexto da unificación monetaria europea e da nova ampliación.

A articulación dos obxectivos finais e intermedios e a súa relación cos ámbitos estratéxicos do PEDEGA recóllense na Táboa 1.



Táboa 1. Articulación da estratexia do PEDEGA por ámbitos e obxectivos finais e intermedios.

ÁMBITO 1: POTENCIA-LA COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUCTIVO

OBXECTIVO FINAL 1.A. Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial

- 1.A.1. Promove-lo xurdimento de estratexias empresariais competitivas
- 1.A.2. Incrementa-la proxección exterior do tecido productivo
- 1.A.3. Diferencia-la produción e aumenta-la súa calidade
- 1.A.4. Mellora-la accesibilidade ó financiamento empresarial
- 1.A.5. Desenvolve-los servizos avanzados ás empresas

OBXECTIVO FINAL 1.B. Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia

- 1.B.1. Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo agro-gandeiro
- 1.B.2. Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo da madeira
- 1.B.3. Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo mar-industria
- 1.B.4. Potencia-lo desenvolvemento integrado dos complexos industriais de singular importancia
- 1.B.5. Potencia-lo desenvolvemento selectivo do turismo

ÁMBITO 2: POTENCIA-LA CALIDADE E COMPETITIVIDADE DO TERRITORIO

OBXECTIVO FINAL 2.A. Mellora-la accesibilidade do territorio

- 2.A.1. Conecta-las estradas de alta capacidade coas áreas metropolitanas e o interior de Galicia
- 2.A.2. Mellora-la rede de estradas convencionais
- 2.A.3. Moderniza-lo ferrocarril
- 2.A.4. Promove-la diversificación funcional dos portos
- 2.A.5. Desenvolver unha rede intermodal de centros loxísticos
- 2.A.6. Potencia-las infraestruturas de acceso á información
- 2.A.7. Desenvolver novas aplicacións das tecnoloxías da información
- 2.A.8. Mellora-la accesibilidade ós recursos enerxéticos
- 2.A.9. Mellora-la accesibilidade ós recursos hídricos
- 2.A.10. Habilitar espazos acondicionados para a instalación de empresas e mellora-las infraestruturas industriais

OBXECTIVO FINAL 2.B. Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento

- 2.B.1. Promove-lo desenvolvemento integrado do hábitat rural
- 2.B.2. Consolida-la Euro-rexión Galicia/Norte de Portugal e promove-la cooperación con outros espazos rexionais

OBXECTIVO FINAL 2.C. Protexer e mellora-lo medio ambiente

- 2.C.1. Preserva-la calidade das augas
- 2.C.2. Reduci-lo volume de residuos e mellora-los sistemas de tratamento



2.C.3. Preserva-lo patrimonio natural

2.C.4. Potencia-lo uso de enerxías renovables e a eficiencia enerxética

ÁMBITO 3: POTENCIA-LO CAPITAL HUMANO

OBXECTIVO FINAL 3.A. Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano

3.A.1. Mellora-lo sistema de saúde

3.A.2. Conserva-lo patrimonio cultural e a identidade rexional da poboación residente

3.A.3. Facilita-lo acceso á vivenda e mellora-las súas condicións de habitabilidade

3.A.4. Aumenta-las dotacións de equipamentos sociais para a infancia e a terceira idade

OBXECTIVO FINAL 3.B. Aumenta-los recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade

3.B.1. Mellora-lo sistema educativo

3.B.2. Aumenta-la capacidade de innovación de Galicia e conectala co tecido productivo

3.B.3. Mellora-la cualificación da poboación activa

3.B.4. Mellora-lo funcionamento do mercado de traballo e impulsa-la igualdade de oportunidades

3.B.5. Impulsa-lo xurdimento de iniciativas de emprego

ÁMBITO 4: AUMENTA-LA EFICACIA E A EFICIENCIA DO MARCO INSTITUCIONAL E OPERATIVO

4.A. Mellora-los mecanismos de articulación institucional

4.B. Potencia-los mecanismos de difusión, seguimento e avaliación do PEDEGA

Fonte: Elaboración propia.

O Plan contempla un gasto estimado da Xunta de Galicia para o septenio 2000-2006, dun montante de 11.708,10 millóns de euros, centrándose sobre todo na potenciación do capital humano e na mellora da competitividade do tecido productivo de Galicia como grandes ámbitos de actuación. A súa distribución financeira, segundo os ámbitos e obxectivos deseñados, é a seguinte (Táboa 2):



Táboa 2. Cadro financeiro indicativo por grandes ámbitos de actuación do PEDEGA.

Millóns de euros	
Grandes ámbitos de actuación do PEDEGA	2000-2006
1. Potencia-la competitividade do tecido productivo	3.339,63
2. Potencia-la calidade e competitividade do territorio	3.769,67
3. Potencia-lo capital humano	4.590,34
4. Aumenta-la eficacia e a eficiencia do marco institucional e operativo	8,46
Total PEDEGA	11.708,10

Fonte: PEDEGA e elaboración propia

- ◆ A estratexia relacionada coa base productiva e o tecido rexional de Galicia, onde se contemplan os principais agrupamentos de actividades productivas, comprende un investimento total no período de 3.339 millóns de euros.
- ◆ As infraestructuras de transporte (estradas e autoestradas autonómicas) e os investimentos en infraestructuras ambientais e no equilibrio territorial representan máis de 3.700 millóns de euros.
- ◆ Os investimentos na área do capital humano absorben a posición máis substancial dos recursos, que se destinan principalmente a investimentos en Sanidade, Educación, Formación Profesional e ás Políticas activas de Emprego.
- ◆ O resto dos investimentos, corresponde á mellora dos mecanismos de articulación institucional.

A anualidade programada do POI 2000-2006 correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia, en termos de axuda comunitaria, reflíctese na Táboa 3.



**Táboa 3. Distribución por Fondos da anualidade 2004 do P.O.I.
2000-06 correspondente a Administración Autonómica.**

EIXE	MEDIDA	DENOMINACIÓN MEDIDA	Axuda comunitaria en Euros		
			FONDOS ESTRUCTURAIS		
			FEDER	FSE	FEOGA-O
1	1.1	Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos.	22.645.897		
1	1.2	Mellora na transformación e comercialización de produtos agrícolas.			11.108.000
1	1.3	Provisión e adecuación de espazos productivos de servizos ás empresas.	3.795.718		
1	1.7	Promoción do capital organizativo das empresas.	1.248.276		
1	1.8	Favorece-la xeración de nova actividade que permita a creación de emprego.		2.179.791	
2	2.1	Apoia-lo investimento en capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía e a transferencia de coñecemento cara ó sector productivo.		2.882.674	
2	2.2	Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico.	5.060.809		
2	2.3	Equipamento científico-tecnolóxico.	393.249		
2	2.5	Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos.	1.128.063		
2	2.6	Grandes instalacións.	1.422.785		
2	2.7	Sociedade da información.	7.283.506		
3	3.1	Abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas.	7.934.920		
3	3.2	Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización da auga.			
3	3.3	Saneamento e depuración de augas residuais.	18.066.096		
3	3.4	Xestión integral dos residuos urbanos e industriais.	1.614.959		
3	3.5	Actuacións na costa.			
3	3.6	Protección e rexeneración do contorno natural.	2.602.031		
3	3.7	Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental.	759.091		
3	3.8	Rexeneración de solos e espazos.	549.946		
3	3.9	Silvicultura.			5.709.000
3	3.10	Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e a economía agraria.			9.903.000
41	41.1	Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación.	6.464.702		
41	41.12	Fomenta-lo acceso de todos/as ás ensinanzas de formación profesional e a súa extensión.		12.965.413	
41	41.13	Desenvolver novas modalidades de Formación Profesional.		1.010.409	
41	41.14	Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas.		1.762.780	
41	41.15	Proporcionar alternativas educativas enfocadas ó mercado de traballo ás persoas que non superan a ensinanza obrigatoria.		2.069.528	
42	42.6	Ofrecer ós desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral.		6.869.091	
42	42.7	Combate-lo paro prolongado mediante accións de reinserción laboral dos desempregados de longa duración.		390.069	
42	42.8	Ofrecer vías de inserción profesional ós mozos.		2.730.478	



ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA ANO 2004

EIXE	MEDIDA	DENOMINACIÓN MEDIDA	FONDOS ESTRUCTURAIS		
			FEDER	FSE	FEOGA-O
43	43.2	Asegura-la actualización do nivel de competencia dos traballadores.		1.741.198	
43	43.3	Soste-la consolidación do emprego existente.		3.530.572	
44	44.10	Apoyar la inserción de las personas discapacitadas en el mercado laboral.		818.418	
44	44.11	Propoñer oportunidades de integración ós colectivos en risco de exclusión do mercado de traballo.		3.497.798	
45	45.16	Mellora da empregabilidade das mulleres.		1.691.622	
45	45.17	Fomenta-la actividade empresarial das mulleres.		1.385.665	
45	45.18	Combate-la segregación horizontal.		515.953	
5	5.1	Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas.			
5	5.2	Mellora dos sistemas de transporte urbano.	1.075.597		
5	5.3	Infraestructura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habitantes.			
5	5.6	Apoio ás iniciativas locais de emprego.		1.833.337	
5	5.7	Infraestructuras turísticas e culturais.	2.291.682		
5	5.8	Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural.	3.548.718		
5	5.9	Infraestructuras, equipamentos sociais e sanitarios.			
6	6.1	Estradas e autovías.	50.221.043		
6	6.2	Autoestradas.	4.150.537		
6	6.3	Ferrocarrís.			
6	6.4	Portos.	6.798.646		
6	6.5	Aeropostos.			
6	6.6	Sistemas de transporte multimodais e centros de transporte.			
6	6.8	Redes de distribución de enerxía.	3.571.641		
6	6.9	Enerxías renovables, eficacia e aforro enerxético excepto actuacións contempladas na medida 6.10	712.833		
7	7.2	Desenvolvemento e mellora das infraestructuras de apoio.			6.374.000
7	7.5	Desenvolvemento endógeno de zonas rurais relativo ás actividades agrarias.			3.978.000
7	7.7	Formación agraria en territorios, colectivos e contidos que non queden cubertos nos programas do F.S.E.			1.162.000
7	7.8	Prestación de servicios ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñería financeira.			17.635.000
9	9.1	Asistencia técnica FEDER.	556.505		
9	9.2	Asistencia técnica FSE.		226.066	
9	9.3	Asistencia técnica FEOGA-O.			485.000
		Totais	153.897.250	48.370.862	56.354.000 (1)

(1) A diferenza entre a cifra que se contén no orzamento de 2004 para o FEOGA-O (88.549.000 euros) e a que figura neste cadro (56.354.000 euros) correspóndese coa xestión por parte da Xunta de Galicia das actuacións atribuídas á Administración Xeral do Estado na programación.

Fonte: Elaboración propia



No orzamento de 2004, ademáis da programación do POI integráronse outras cantidades correspondentes á reserva de eficacia e ás diferencias de programación-presupostación das anualidades 2000-2003, como consecuencia de que o Programa aprobouse definitivamente avanzado o ano 2001.

Polo que atinxe á reserva de eficacia do POI, inclúense: 14.011.255 euros do FEDER, 5.327.562 euros do FSE e 9.528.100 euros do FEOGA-O; referente ó PO Plurirrexional do IFOP engádese unha reserva de eficacia por importe de 14.222.282 euros.

Por outra banda, dentro dos Fondos Estructurais figuran os importes do FEOGA-O do Programa Plurirrexional que totalizan 20.713.455 euros de programación inicial.

Da iniciativa comunitaria Interreg III A consígnanse 15.240.922 euros e inclúense 13.504.000 euros relativos ó Fondo de Cohesión.

Como axustes de programación-presupostación, consígnanse no FSE 9.534.645 euros, no FEOGA-O 19.506.991 euros, no IFOP 5.219.726 euros, e, dentro do FEOGA-O Plurirrexional, 1.104.271 euros.

O diagnóstico socio-económico de Galicia realizado no PEDEGA, baseado en establecer un mapa de debilidades e fortalezas preciso e un abanico de ameazas e oportunidades asociadas ás mesmas, segue vixente neste momento. Por elo, é necesario avanzar no proceso de desenvolvemento deseñado.

Os resultados medidos en termos de acercamento revelan que o proceso de converxencia aínda non rematou. A evolución do emprego, o reforzo en tecnoloxía, innovación, sociedade da información e o apoio á actividade productiva posibilitarán no futuro un achegamento ós



promedios nacionais e ós da UE, cunha dinámica de crecemento xerador de emprego e baseado no aumento do valor engadido das produccions galegas, cada vez máis presentes nos mercados nacionais e internacionais.

Co obxectivo de acelerar o ritmo de converxencia coa UE impulsaráse o Plan Galicia para as zoas costeiras e o Xacobeo 2004.

Os compromisos financeiros da Unión Europea que se recollen no documento do Marco Comunitario de Apoio 2000-2006 facilitan unha gran solvencia e credibilidade ós investimentos previstos no PEDEGA xa que as liñas de axuda son coherentes coa estratexia deseñada no dito Plan.

No MCA 2000-2006 para as rexións Obxectivo 1 de España formalízase o compromiso da Unión Europea respecto ós recursos adxudicados a España. O MCA constitúe, tamén, como o seu nome indica, o cadro de referencia básico ó que deberá axustarse a programación de detalle (os Programas Operativos) para a mobilización dos fondos comunitarios.

Ó longo do período 2000-2006, as distintas administracións españolas con competencias ó respecto dispoñerán de 39.186 millóns de euros (sen a Reserva de Eficacia) de financiamento comunitario para os seus investimentos nas rexións Obxectivo 1 (sen incluír o réxime transitorio de Cantabria). Galicia obterá 5.407,7 millóns de euros, sen contar coa Reserva de Eficacia, o que supón o 13,8 % do importe total do MCA 2000-2006. Destas cantidades, corresponden á Administración Xeral do Estado 1.596,6 millóns de euros a incluír en actuacións programadas en Galicia, ás que se engadirá a participación de Galicia en programas plurirrexionais que ascende a unha suma total de 1.336,6 millóns de euros.

O detalle da axuda rexionalizada 2000-2006 por eixes e Fondos en Galicia recóllese na Táboa 4. A maior parte do financiamento comunitario



corresponde ó FEDER, co 59,12% do total, seguíndolle por orde decrecente o FEOGA-O co 17,78%, o IFOP co 13,18% e o FSE co 9,93% do total.

**Táboa 4. Distribución estimada da axuda rexionalizada 2000-2006
por Eixes e Fondos en Galicia (sen Reserva de Eficacia).**

(Millóns de euros)

EIXE	DENOMINACIÓN	FEDER	FSE	FEOGA-O	IFOP	TOTAL
1	Competitividade e tecido produc.	185,7	17,3	147,1	145,0	495,1
2	Socied. Coñecemento (I.,I+D, da I)	105,2	23,5			128,7
3	M. Ambiente, c. natural e rec. hídric.	405,3		187,7		593,0
4	Rec. humanos, emprego, igual. oport.	52,4	334,9			387,3
5	Desenvolvemento local e urbano	168,6	14,4			183,0
6	Redes de Transporte e Enerxía	1.414,8				1.414,8
7	Agricultura e desenvolv. rural			364,1		364,1
8	Pesca e acuicultura				374,8	374,8
9	Asistencia técnica	3,7	1,9	3,5	0,9	10,0
	Total	2.335,7	392,0	702,4	520,7	3.950,8

Fonte: Elaboración propia a partir do “MCA 2000-2006 para as rexións españolas Obxectivo 1”.

Á axuda total rexionalizada de 3.950,8 millóns de euros do POI, hai que engadirle 120,3 millóns de euros do FEOGA-O que lle corresponden a Galicia do PO Plurirrexional “Mejora de estructuras y de sistemas de producción agrarios”, co que se acada unha cifra de 4.071,1 millóns de euros, ós que, incrementándolle 1.333,6 millóns de euros de programas non rexionalizados previamente totaliza o importe de 5.407,7 millóns de euros ó que nos referimos anteriormente.

De acordo cos novos Reglamentos que rixen a programación estrutural do actual período 2000-2006, o MCA desenvólvese fundamentalmente en dous documentos posteriores: o POI de Galicia e o PO do IFOP.



Tal vez o máis destacado destes documentos sexa o carácter integrado do POI, coa actuación dos tres Fondos Estructurais nun único Programa, o que redunda nunha mellor xestión, maior coordinación e, polo tanto, na posibilidade de xerar maiores efectos sinérgicos e tamén nas actuacións previstas correspondentes a Galicia no PO do IFOP.

A parte máis importante da programación comunitaria na Comunidade Autónoma para o período 2000-2006 está contida no POI de Galicia 2000-2006. A súa estrutura presenta as seguintes características:

- ◆ Trátase dun programa plurifondo, cofinanciado en termos de axuda comunitaria por tres Fondos Estructurais: FEDER (68,10%), FSE (11,43%) e FEOGA-O (20,47%).
- ◆ O total da Axuda comunitaria do programa ascende a 3.430,06 millóns de euros, sendo a participación pública nacional, tanto da Administración Xeral do Estado como da Comunidade Autónoma de Galicia, de 1.661,63 millóns de euros e estimándose un coste total de 5.091,68 millóns de euros (Táboa 5).



Táboa 5. Distribución do POI Galicia 2000-2006 por institucións participantes.

	(euros)
PARTICIPACIÓN COMUNITARIA	3.430.058.000
FEDER	2.335.700.000
FSE	392.000.000
FEOGA-O	702.358.000
PARTICIPACIÓN PÚBLICA NACIONAL	1.661.629.728
CENTRAL	863.310.302
REXIONAL	793.324.203
OUTROS (PARTICIPACIÓN PRIVADA)	4.995.223
CUSTO TOTAL	5.091.687.728

Fonte: Elaboración propia.

- ◆ Consta de 12 eixes prioritarios, que responden ós obxectivos de converxencia e cohesión e 58 medidas estratéxicas, das que 32 corresponden ó FEDER, 18 ó FSE e 8 ó FEOGA-O, sendo cada medida cofinanciada por un único Fondo.

Integrado no MCA 2000-2006 para as intervencións estruturais comunitarias nas rexións do Obxectivo nº 1 de España figuran tamén as intervencións estruturais no sector da pesca. O Programa Operativo do IFOP de España 2000-2006 foi elaborado no marco da cooperación entre as administracións autonómicas, nacionais e europeas. O importe total, considerando conxuntamente a rexión de Cantabria, ascende a 3.122,4 millóns de euros, sendo o financiamento por parte do IFOP de 1.504,6



millóns de euros, o que representa un 48,19 % do total. O Programa estrutúrase en 5 eixes prioritarios e 21 medidas estratéxicas.

A estratexia deseñada no P.O. IFOP de Galicia é coherente coas Orientacións comunitarias establecidas e co PEDEGA 2000-2006. O montante indicativo do mesmo ascende a un total de 1.305,4 millóns de euros, dos que 520,7 millóns de euros (o 39,9 %), sen ter en conta a reserva de eficacia, corresponden á axuda comunitaria. A contribución do sector privado ascenderá ó 48,7 % do total, mentres que a do sector público supoñerá o 51,3 % do total do P. O.

Polo que atinxe ó Fondo de Cohesión, en proxectos competencia da Comunidade Autónoma, Galicia ten en marcha seis grandes proxectos medioambientais, conformados, á súa vez, por grupos de proxectos, por un importe de 157,3 millóns de euros de custo elegible e 125,8 millóns de euros de axuda comunitaria. No orzamento de 2004 consígnanse 16,8 millóns de euros de custo elegible e 13,5 millóns de euros de axuda comunitaria.



OS IMPACTOS MACROECONÓMICOS DO GASTO DO POI DE GALICIA NO PERÍODO 2000-2002.

Neste apartado sintetízanse os resultados obtidos na análise do impacto do gasto realizado nos anos 2000, 2001 e 2002 do POI de Galicia no ámbito macroeconómico. O exercicio centróuse no estudio dos efectos a longo prazo das accións realizadas no período citado, é dicir, daqueles efectos non derivados da propia construción ou posta en marcha dos proxectos, senón dos asociados ó aumento da produtividade e competitividade duns stocks rexionais mais elevados de capital; dito noutras palabras, analízanse os impactos de oferta sobre a economía rexional.

Este exercicio permite destacar a natureza estrutural dos investimentos en capital público e dos incentivos, é dicir, analiza cómo a posible incidencia directa e inmediata que ten a priori o gasto realizado no período 2000-2002 polo POI de Galicia multiplícase a longo prazo, dada a finalidade de todo-los investimentos: promover a xeración de externalidades positivas para as empresas e a sociedade, de modo que eleven a produtividade e competitividade das zonas beneficiadas polo Programa Operativo.

A avaliación do impacto baseóuse nunha simulación a longo prazo proxectando os efectos dos investimentos máis aló do ano 2010 e observando o alcance no tempo dos efectos do gasto realizado ata o ano 2002. Destaca especialmente a diferenza conseguida, en tan curto período de tempo, respecto ó suposto de non existencia de gasto en dito período de programación.

Concretamente, as simulacións realizáronse mediante a explotación dun modelo econométrico de oferta que xerou dous escenarios: O primeiro, o que seguiría a economía galega sen contar có POI de Galicia 2000-2006,



ó que chamaremos escenario de referencia, e o segundo, o que considera a totalidade do Programa Operativo Integrado.

Neste caso, os impactos obtivéronse como diferenxia entre os resultados xerados polo modelo baixo o escenario de referencia, fronte os obtidos baixo o segundo escenario construído sobre o anterior sumando os pagos realizados polo POI Galicia durante os anos 2000, 2001 e 2002 (A Táboa 6 expón os pagos realizados segundo tipos de investimento).

Táboa 6. Execución a Pagos 2000-2002 do POI Galicia 2000-2006.

EXECUTADO 00-02	ANUALIDADE			
Tipo actuación	2.000	2.001	2.002	Total 00-02
Capital Público	154.958.369	339.536.499	454.594.188	949.089.056
Capital Privado	30.452.467	50.432.167	98.244.385	179.129.019
Capital Humano	53.445.792	78.368.197	94.081.129	225.895.118
Total	238.856.629	468.336.863	646.919.701	1.354.113.193

Fonte: Elaboración propia a partir da Aplicación Fondos 2000.

A Táboa 7 reflicte os resultados anuais obtidos tras realizar a devandita comparación entre escenarios. Dado o maior interese do impacto sobre o VAB e o emprego, a información desta táboa ampliouse cos valores absolutos dos efectos diferenciais ocasionados polo gasto realizado do POI de Galicia no trienio 2000-2002.

A primeira conclusión positiva é a perdurabilidade no tempo dos efectos provocados polo Programa Operativo. Ponse de relieve que a pesar de que os maiores diferenciais en VAB e emprego prodúcense perante o período no que se executa o gasto, os efectos expándense ata ó menos o 2020 (debido ós efectos multiplicadores dos investimentos realizados).

En segundo lugar, obsérvase que unha vez que a execución dos pagos acada un ritmo satisfactorio, a estratexia de gasto logra incrementar (en



termos medios anuais) o número de ocupados en máis de 8.000 persoas, e o VAB privado non agrario crece de media 2,5 puntos porcentuais máis gracias ó POI.

En terceiro lugar, non se debe esquecer que os pagos programados ata o fin do Programa incrementarán estes efectos a medida que se executen. Da mesma maneira que os efectos estimados do período 2000-2002, están calculados respecto a un escenario de referencia que inclúe os Marcos anteriores (1989-1993 e 1994-1999).

Táboa 7. Impactos de oferta derivados dos pagos 2000-2002 realizados do POI de Galicia 2000-2006. Diferencia entre escenarios.

	VAB privado non agrario		EMPREGO privado non agrario		Stock de Capital Público Productivo	Stock de Capital Público Social	Stock de Capital Privado non agrario y non residencial	Stock de Capital Humano
	dif Mill euros 1990	Dif % (*)	dif Miles de empregos	dif % (*)	dif % (*)	dif % (*)	dif % (*)	dif % (*)
2000	9.038	0,5	1,74	0,3	2,4	1,4	0,3	0,52
2001	25.987	1,4	4,75	0,9	7,5	3,7	0,9	1,27
2002	47.839	2,5	8,51	1,6	13,9	6,7	2,0	2,13
2003	47.814	2,5	8,59	1,6	13,3	6,4	2,5	2,13
2004	47.656	2,5	8,45	1,6	12,7	6,1	3,0	2,13
2005	47.388	2,5	8,40	1,6	12,2	5,9	3,4	2,13
2006	47.027	2,5	8,35	1,6	11,7	5,6	3,8	2,13
2007	46.589	2,4	8,28	1,6	11,2	5,4	4,2	2,13
2008	46.089	2,4	8,21	1,6	10,7	5,2	4,5	2,13
2009	45.540	2,4	8,14	1,5	10,3	4,9	4,8	2,13
2010	44.950	2,4	8,06	1,5	9,8	4,7	5,1	2,13

(*) Nota: diferencial en puntos porcentuais entre os valores proporcionados polo modelo nun escenario de referencia sen gasto realizado POI Obx1 Galicia (=100) e o escenario simulado (referencia + pagos 2000 a 2002 POI Obx 1 Galicia).

Fonte: Elaboración propia.

Unha análise máis exhaustiva dos impactos provocados polo Programa Operativo en función do destino do gasto (Capital Público, Privado e



Humano) permite detectar en qué ámbitos prodúcese unha maior incidencia.

Entre os stocks de capital destaca a acumulación tanto de Capital Público Productivo coma de Capital Público Social en comparación co valor de referencia. Concretamente, a diferenza do primeiro en puntos porcentuais do índice de referencia é de 13,9 puntos porcentuais.

Isto é debido, en gran medida, á relevancia financeira dos Eixes 3, 5 e 6 destinados a mellora-la dotación de infraestructuras en Galicia. Este significativo proceso de acumulación de capital público que vénse realizando dende o primeiro Programa Operativo (1989) xera, á súa vez, a necesidade dun esforzo inversor proporcional para cubri-la depreciación de dito capital (para que as amortizacións non sexan superiores ós novos investimentos). Polo tanto, os esforzos neste ámbito deberán manterse no futuro como peza fundamental do proceso de converxencia coa media da UE.

Posto que o Capital Público evita estrangulamentos no proceso productivo e aumenta a produtividade dos factores privados, destacan as melloras nesta dirección conseguidas gracias ó gasto executado do POI de Galicia 2000-2006. Así, na Táboa 8, para o ano 2002, a diferenza de 5,8 puntos porcentuais respecto ó escenario de referencia mostra a mellora da ratio capital público/capital privado, confirmando, deste xeito, os efectos positivos sobre a economía galega.

Unido ó anterior, os esforzos financeiros realizados a través dos Eixes 1, 2 e 4, para reforza-lo investimento privado e a calidade dos recursos humanos, colaboraron de forma inmediata no aumento do Stock de Capital Privado e no Stock de Capital Humano cos seus efectos cuasi-automáticos sobre a produtividade.



Táboa 8. Impactos de oferta derivados dos pagos 2000-2002 realizados do POI de Galicia 2000-2006. Diferencia entre escenarios.

	Productividade aparente de Traballo	Relación Capital Público Productivo e Capital Privado
	Dif % (*)	dif % (*)
2000	2,5	1,1
2001	8,5	3,4
2002	16,2	5,8
2003	15,6	5,0
2004	14,9	4,2
2005	14,1	3,6
2006	13,3	3,0
2007	12,5	2,5
2008	11,6	2,1
2009	10,7	1,7
2010	9,8	1,4

(*)Nota: diferencial en puntos porcentuais entre os valores proporcionados polo modelo nun escenario de referencia sen gasto realizado POI Obx1 Galicia (=100) e o escenario simulado (referencia + pagos 2000 a 2002 POI Obx 1 Galicia).

Fonte: Elaboración propia.

Como conclusión xeral, cabe destacar que os efectos logrados ata a data polo POI de Galicia son significativos en termos absolutos, e moi significativos en termos relativos, tendo en conta a propia limitación financeira deste Programa (que é só unha parte da Estratexia de Desenvolvemento Rexional de Galicia) e que só se valora unha parte do gasto programado. Polo tanto, os efectos esperados cando se alcance o 100% de execución serán moi superiores os actuais, aínda que previsiblemente serán necesarios maiores esforzos futuros para lograr alcanza-la Cohesión Económica e Social coa media europea.



A DISTRIBUCIÓN POR OBXECTIVOS NO ORZAMENTO 2004 DO INVESTIMENTO ESTRATÉXICO PROGRAMADO NO PLAN ESTRATÉXICO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA 2000-2006 (PEDEGA).

A planificación económica rexional contida no PEDEGA ten a súa plasmación operativa nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia do período 2000-2006, adquirindo na anualidade 2004, que aquí se presenta, un volume de gastos estratéxicos, definidos como tales no propio instrumento de planificación, de máis de 2.818 millóns de euros, que representan o 35% do total do orzamento.

Estes gastos concrétnanse, fundamentalmente, nos capítulos de investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) no que se refire ó fomento do tecido empresarial e dos complexos productivos de singular importancia na economía galega, á potenciación da calidade e da competitividade do territorio e ós investimentos destinados á prestación de servizos básicos para o incremento da calidade do capital humano (educación, sanidade, vivenda, servizos sociais), e tamén nas transferencias de natureza corrente (capítulo IV) con incidencia no desenvolvemento económico, que instrumentan as medidas de formación e de I+D+I e a súa conexión co tecido productivo, así como as políticas activas de emprego que inciden na cualificación da poboación activa e na mellora do funcionamento do mercado de traballo.

Desde a óptica orzamentaria, nesta Memoria de obxectivos e programas, relaciónanse os investimentos estratéxicos coa súa referencia ós obxectivos finais e intermedios nos que se estrutura o PEDEGA cos programas orzamentarios desta anualidade, o que permite coñecer a concreción das liñas de investimento definidas no PEDEGA para a anualidade de 2004.



A Táboa 9, que a continuación se presenta, contén a distribución da anualidade 2004 do PEDEGA entre as grandes liñas da súa estrutura, isto é, entre os catro ámbitos de actuación e os sete obxectivos finais.

Táboa 9. Distribución da anualidade 2004 do gasto estratéxico do PEDEGA por ámbitos e obxectivos finais.

Ámbitos e obxectivos	Anualidade 2004 (euros)	%
1. POTENCIA-LA COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUCTIVO	532.906.117	18,91
1.A. Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial	98.300.624	3,49
1.B. Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia	434.605.493	15,42
2. POTENCIA-LA CALIDADE E COMPETITIVIDADE DO TERRITORIO	350.950.042	12,45
2. A. Mellora-la accesibilidade do territorio	177.514.952	6,30
2. B. Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento	40.821.342	1,45
2. C. Protexer e mellora-lo medio ambiente	132.613.748	4,71
3. POTENCIA-LO CAPITAL HUMANO	1.889.390.673	67,05
3. A. Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano	1.144.038.885	40,60
3. B. Aumenta-los recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade	745.351.788	26,45
4. AUMENTA-LA EFICACIA E A EFICIENCIADO MARCO INSTITUCIONAL E OPERATIVO	44.816.874	1,59
TOTAL	2.818.063.706	100,00

Fonte: Elaboración propia segundo orzamentos 2004.

As prioridades establecidas polo Goberno da Xunta de Galicia nestes orzamentos amosan que, estando plenamente vixentes os ámbitos e liñas de actuación definidas no PEDEGA, atenden, á súa vez, ó contido do Plan de Dinamización Económica, para paliar os posibles efectos negativos do accidente do “Prestige”, abarcando unha nova política económica baseada en tres grandes pilares: dinamiza-la economía productiva, mellorar a competitividade e potenciar o turismo, que ten a súa plasmación no texto orzamentario de 2004.



De acordo coa priorización de actuacións en materia de política económica no período 2000-2006, o maior apoio estratéxico sitúase no ámbito de **Potenciar o capital humano**, que representa máis da metade do investimento estratéxico consignado no actual orzamento, cunha distribución entre obxectivos finais do 40,6% do total adicado a **Potenciar os factores básicos que determinan a calidade do capital humano** e do 26,4% dirixido á **Aumentar os recursos do coñecemento e potenciar a empregabilidade**.

A estratexia relacionada coa base productiva e o tecido rexional de Galicia, constitúe neste modelo unha necesaria liña a fomentar, polo que no actual orzamento o ámbito **Potenciar a competitividade do tecido productivo** absorbe o 18,9% do gasto estratéxico, dirixindo ó obxectivo final de **Potenciar a competitividade do núcleo productivo de Galicia** o 15,4% do total de gasto estratéxico, isto é, ás accións dirixidas ós agrupamentos ou complexos da actividade que na economía galega adquiren singular importancia, xa que actúan de motor da actividade e pechan os ciclos productivos coa alza do valor engadido, principalmente nos complexos agro-gandeiro, mar-industria, turismo, e os relacionados co audiovisual, a investigación e o desenvolvemento e as novas tecnoloxías da información.

O eido de **Potenciar a calidade e competitividade do territorio** absorbe o 12,4% do gasto estratéxico, no que a **mellora da accesibilidade do territorio** segue a representar unha gran proporción dos investimentos productivos da Xunta de Galicia, neste caso co 6,3% dos gastos adscritos ó PEDEGA, seguido do obxectivo de **protexer e mellorar o medio ambiente**, de especial importancia nun modelo de crecemento sostido, que representa o 4,7% destes gastos. O obxectivo de aumentar a proxección territorial do desenvolvemento, en parte cofinanciado coa Iniciativa comunitaria Interreg III A, no que atinxe á consolidación da Euro rexión Galicia-Norte de Portugal, representa o 1,5%.



ESTRUCTURA FUNCIONAL POR CAPITULOS DO ESTADO DE GASTOS

ESTRUCTURA FUNCIONAL	SECCIONES	CAPÍTULOS									TOTAL 2004	%TOT. FUNC.
		I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX			
4.2. OUTRAS INFRAESTRUTURAS		31.227.246	4.000.816	0	3.025.736	78.788.087	22.344.838	0	0	139.476.723	100,00	
4.2.1. REFORMA E DESENVOLVEMENTO AGRARIO		5.429.088								5.429.088	3,89	
4.2.1.A. INFRAESTRUTURA PARA A REFORMA E O DESENVOLVEMENTO AGRARIO	09											
4.2.2. MELLORA DO MEDIO NATURAL	12					10.908.487				10.908.487	7,82	
4.2.2.B. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	15	25.738.158	4.000.816			24.274.581	11.190.000			65.353.555	46,86	
4.2.2.C. PREVENCIÓN E DEF. CONTRA INCENDIOS FORESTALS (PLAN FORESTAL DE GALICIA)	09	7.808.368	821.190	0	3.025.736	43.605.019	11.154.838			57.785.593	41,43	
4.2.2.D. DESENVOLVEMENTO RURAL	08, 09, 10, 12	7.808.368	821.190		11.401.015	3.793.629	49.415.928	1.000.000	0	74.240.130	100,00	
4.3. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E APLICADA	15											
4.3.2. INVESTIGACIÓN TÉCNICA E APLICADA	08											
4.3.2.A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	08											
4.3.2.V. PLAN GALEGO DE INVESTIG., DESENV. E INNOV. TECNOLÓXICA. PLAN GALICIA		2.339.277	387.210	0	140.000	250.000	8.830.000	1.000.000		10.220.000	13,77	
4.4. INFORMACIÓN ESTATÍSTICA BÁSICA	07, 08, 09, 10	2.339.277	387.210	0	44.870	3.080.973	0	0	0	5.882.330	100,00	
4.4.1. SOPORTES ESTATÍSTICOS	11, 12, 13, 14											
4.4.1.A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	15, 16, IGE									5.882.330	100,00	
5. REGULACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL												
5.1. ACTUACIÓN ECONÓMICA XERAL	05	31.487.933	20.261.045	0	7.942.413	26.861.931	26.998.697	14.984.870	0	128.436.889		
5.1.1. ADMINISTRACIÓN XERAL		11.571.300	1.405.233	0	7.479.562	12.674.770	5.846.300	0	0	38.977.165	100,00	
5.1.1.A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE ECONOMÍA E FACENDA	05, 23	2.825.465	1.405.233	0	7.479.562	3.908.800	5.846.300			21.465.330	55,07	
5.1.2. REGULACIÓN ECONÓMICA XERAL		8.745.835				8.765.940				17.511.775	44,93	
5.1.2.A. PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA	08	772.754	0	0	362.851	4.106.000	21.152.397	7.584.870	0	33.980.872	100,00	
5.2. COMERCIO												
5.2.1. COMERCIO INTERIOR												
5.2.1.A. REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS	08	772.754			362.851	1.848.986	8.431.411	7.584.870		19.000.872	55,92	
5.2.1.V. REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS. PLAN GALICIA	08					2.259.014	12.720.966			14.980.000	44,08	
5.3. ACTIVIDADES FINANXEIRAS												
5.3.1. ADMINISTRACIÓN FINANXEIRA		19.143.879	18.855.812	0	0	10.079.161	0	7.400.000	0	55.478.832	100,00	
5.3.1.A. ADMINISTRACIÓN FINANXEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL	05, 23	19.143.879	18.855.812			10.079.161		7.400.000		55.478.832	100,00	
6. REGULACIÓN ECONÓMICA DE SECTORES PRODUCTIVOS												
6.1. AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA												
6.1.1. ADMINISTRACIÓN XERAL		78.276.760	6.275.645	0	7.616.221	89.765.005	245.395.163	0	0	427.329.726		
6.1.1.A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE AGRICULTURA	09	67.002.795	5.162.299	0	3.047.214	78.254.753	196.403.325	0	0	349.980.346	100,00	
6.1.1.B. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PESCA	12	11.331.274	1.946.076		442.431	5.313.113	378.000			19.470.884	5,56	
6.1.2. PROMOCIÓN DA POBOACIÓN RURAL E PESQUEIRA	09	11.332.741	2.294.033			2.054.831				15.731.605	4,50	
6.1.2.A. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA					315.532		3.755.368			4.070.900	1,16	
6.1.2.B. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA	12	299.208	78.404		265.100	6.585.242	480.000			7.707.954	2,20	
6.1.2.S. PROMOCIÓN COOP. E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA - F.S.E.	12	1.023.650	62.287		48.080					1.134.017	0,32	
6.1.2.V. PROMOC. COOPER.E SOCIAL E DIVULG. DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. PLAN GALICIA												
6.1.3. SANIDADE VEGETAL E ANIMAL												
6.1.3.A. SANIDADE VEGETAL E ANIMAL	09	14.252.005	67.434		900.000	22.697.229	3.879.906			7.428.557	2,12	
6.1.4. ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DAS PRODUCCIÓN AGRARIAS E PESQUEIRAS												
6.1.4.A. ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA	09, IILGA	4.103.964	678.770		386.567	13.786.988	133.233.420			152.249.709	43,50	
6.1.4.B. ORDEN, REESTRUCT. FOMENTO E MELLORA DA PRODUCC. PESQ. DE CULT. MARINOS	12	4.578.736				4.741.571	5.57.578			14.897.885	4,26	
6.1.4.C. ORDEN, REESTRUCT. E DESENVOLV. SECTOR FORESTAL (PLAN FORESTAL DE GALICIA)	15	17.760.883				11.156.625	30.755.590			59.673.068	17,05	
6.1.4.V. ORDEN, REEST. FOMENTO E MELLORA PROD. PESQ. DE CULT. MARINOS. PLAN GALICIA	12					1.000.012	6.751.487			7.751.509	2,21	
6.1.5. REGULACIÓN DO MERCADO AGRARIO E PESQUEIRO												
6.1.5.A. REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS AGRARIOS	09	2.210.334	35.255		634.504	1.779.333	6.203.236			10.882.682	3,10	
6.1.5.B. REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS PESQUEIROS	12				55.000	529.032	541.922			1.125.954	0,32	
6.1.5.V. REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS PESQUEIROS. PLAN GALICIA	12					5.082.126				5.082.126	1,45	

ESTRUCTURA FUNCIONAL	SECCIONES	CAPITULOS								TOTAL 2004	%TOT. FUNC.
		I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX		
6.2. INDUSTRIA											
6.2.1. ADMINISTRACIÓN XERAL		8.034.662	1.113.386	0	46.872	1.033.137	2.500.000	0	0	12.738.057	100,00
6.2.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	08										
6.2.2. ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA		1.950.399	509.800		46.872	733.137				3.240.208	25,40
6.2.2.A. ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA	08										
6.3. ENERXÍA		6.114.283	603.586			300.000	2.500.000			9.517.949	74,60
6.3.1. PLANIFICACIÓN E PRODUCCIÓN ENERXÉTICA		0	0	0	1.598.412	857.019	20.576.533	0	0	23.031.964	100,00
6.3.1.A. USO RACIONAL DA ENERXÍA E ENERXÍA RENOVABLE	08										
6.3.1.B. INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS	08				1.598.412	857.019	4.970.182			7.425.583	32,24
6.3.1.V. PROGRAMAS DE ELECTRIFICACIÓN E ENERXÍAS ALTERNATIVAS.	08						8.466.381			8.466.381	36,76
PLAN GALICIA							7.140.000			7.140.000	31,00
6.4. MINERÍA		0	0	0	111.286	856.000	3.237.400	0	0	4.204.686	100,00
6.4.1. FOMENTO DA MINERÍA NON ENERXÉTICA											
6.4.1.A. FOMENTO DA MINERÍA	08				111.286	856.000	3.237.400			4.204.686	100,00
6.5. TURISMO		3.209.303	0	0	2.812.437	8.764.037	22.588.905	0	0	37.374.742	100,00
6.5.1. PROMOCIÓN E XESTIÓN TURÍSTICA											
6.5.1.A. ORDENACIÓN, PROMOCIÓN, XESTIÓN E FOMENTO DO TURISMO	10										
6.5.1.V. ORDENACIÓN, PROMOCIÓN, XESTIÓN E FOMENTO DO TURISMO.	10	3.209.303			2.812.437	8.764.037	21.933.905			36.719.742	98,25
PLAN GALICIA							665.000			665.000	1,75
7. APOIO ÓS SECTORES PRODUCTIVOS E DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL											
7.1. APOIO Á CREACIÓN E AMPLIACIÓN DE EMPRESAS		880.169	0	0	8.109.278	10.365.923	247.375.347	1.770.460	0	238.501.177	100,00
7.1.1. APOIO Á CREACIÓN E AMPLIACIÓN DE EMPRESAS		880.169	0	0	8.024.580	2.452.545	149.642.680	1.500.000	0	162.469.974	100,00
7.1.1.B. APOIO Á CREACIÓN E AMPLIACIÓN DE EMPRESAS DOS SECT.	05										
INDUST.E SERVICO.					974.127		60.465.669			61.459.796	37,82
7.1.1.C. APOIO Á ARTESANÍA	08										
7.1.1.V. APOIO Á ARTESANÍA. PLAN GALICIA	05, 08				216.294	1.248.100	1.163.759			2.628.153	1,62
7.1.2. MODERNIZACIÓN EMPRESARIAL E MELLORA DA COMPETITIVIDADE						53.000	4.523.626			4.576.626	2,82
7.1.2.B. APOIO Á MODERN.EMPRES. E MELLORA DA COMPET. NOS SECT.	05, 08, 09										
INDUST.E SERVICO.		880.169			6.834.159	1.151.445	78.254.105	1.500.000		88.619.678	54,54
7.1.2.V. APOIO Á MODER.EMPR. E MELLORA COMPET. SECT. INDUS. E SERV. PLAN GALICIA	05, 08						5.215.521			5.215.521	3,21
7.2. DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL		0	0	0	84.688	7.913.378	97.732.657	270.460	0	106.001.203	100,00
7.2.1. DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL											
7.2.1.A. APOIO Á EMPRESA DO SECTOR PRIMARIO	12					973.328	40.906			1.014.234	0,96
7.2.1.B. APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVIZOS	05, 12				84.688	2.940.050	16.022.977	270.460		19.318.185	18,22
7.2.1.V. APOIO Á EMPRESA DO SECTOR PRIMARIO. PLAN GALICIA	12					4.000.000	81.683.784			85.683.784	80,82
8. TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS		0	0	0	661.086.800	0	69.930.355	0	0	731.027.155	100,00
8.1. TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS		0	0	0	661.086.800	0	69.930.355	0	0	731.027.155	100,00
8.1.1. TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS											
8.1.1.A. TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO	21				661.086.800					661.086.800	90,43
8.1.1.B. OUTRAS TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	21						69.930.355			69.930.355	9,57
9. DÉBEDA PÚBLICA		0	0	137.570.812	0	0	0	0	220.184.919	357.755.731	100,00
9.1. DÉBEDA PÚBLICA		0	0	137.570.812	0	0	0	0	220.184.919	357.755.731	100,00
9.1.1. DÉBEDA INTERIOR E EXTERIOR											
9.1.1.A. AMORTIZACIÓN E GASTOS FINANXEIROS DA DÉBEDA PÚBLICA	22			137.570.812					220.184.919	357.755.731	100,00
TOTAL		2.581.474.946	925.586.726	139.519.428	2.223.440.231	982.884.785	990.922.794	108.649.122	220.184.919	8.182.674.551	



RESUMEN POR GRUPOS DE FUNCION E ORGANOS XESTORES

Órganos xestores	1 SERVICIOS DE CARÁCTER XERAL	2 SEGURIDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL	4 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER ECONÓMICO	5 REGULACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL	6 REGULACIÓN ECONÓMICA DE SECTORES PRODUCTIVOS	7 PLAN DE CRECIMENTO E EMPREGO	8 TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS	9 DÉBEDA PÚBLICA	TOTAL
PARLAMENTO	(01) 16.040.498									16.040.498
CONSELLO DE CONTAS	(02) 6.164.133									6.164.133
CONSELLO DA CULTURA GALEGA	(03) 2.093.545									2.093.545
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCI	(04) 57.960.940	6.800.616	5.282.855							70.044.411
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA	(05)				46.055.123		86.266.911			132.322.034
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBL	(06)		32.380.610	298.674.421						331.055.031
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSIT	(07)		1.734.228.405	13.222						1.734.241.627
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO	(08)			65.393.702	33.980.872	39.994.707	46.978.440			186.347.721
